


## O BAILARETE

1. Necesitamos unha rolla de plástico (de garrafa de auga, cartón de leite, tubo de pasta de dentes, etc.)
2. Facémoslle un pequeno furado no mesmo centro, que soe estar marcado cun covo ou cun punto resaltado. Ten que ser moi exacto.
3. Encaixamos no furo a metade dun pau dos dentes, de modo que a punta sobresaia un pouco. Este será o eixo do bailarete.



4. Agarrándoo polo pau coa polpa do polgar e o indicador, imprimímoslle un movemento xiratorio que durará máis ou menos, segundo a forza que lle deamos.
6. Hai rollas de diferentes diámetros, mesmo algúns se pode encastar entre si. Dúas rollas destas fan un bailarete moi xeitoso.



## PROPOSTA DE XOGO

Podemos xogar co bailarete facendo facéndoo bailar ao tempo que se recitan as seguintes cantilenas facendo as habelencias que se refiren en cada unha delas. Aínda se poden engadir algunhas máis, como por exemplo, se está bailando na unlla do polgar dereito, pasalo ao polgar esquerdo, ou as que se nos ocorran e sexa posíbel realizar. A cada unha inventámoslle unha nova cantilena.

Leite leite, bailarete, baila na man con deleite.	Leite leite, bailarota, dunha man pasas á outra.	Leite leite, gran danzante, desta man volve a de antes.
1. Xirar o bailarete sobre a cunca da man	2. Cámbiase o bailarete de man.	3. Vólvese á outra man de novo.
Leite leite, cachirulo, volve á palma dando un pulo.	Leite leite, carabuña, sobre a palma e sobre a unlla.	Leite leite, bailarico, que ben bailas dando brincos.
4. Desde a palma da man impulsase o bailarete ao ar e recóllese de novo.	5. Báilase o bailarete sobre a unlla do polgar.	6. Impúlsase o bailarete ao ar repetidamente, contándose os brincos até que pare de bailar.